

CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA ESTUDANTADO GAÑADOR DAS OLIMPIADAS CIENTÍFICAS. CURSO 2026 - 2027

A Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa finalidade de valorar e apoiar o traballo realizado do estudantado que se incorpora a esta institución dende os estudos de ensino secundario, estableceu estas axudas para as persoas matriculadas clasificadas nas Olimpíadas de Matemáticas, Física, Química, Bioloxía, Xeoloxía, Economía, Informática, Xeografía, Estatística e Filosofía de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA. OBXECTO DAS AXUDAS

O obxecto destas axudas é premiar o esforzo do estudantado que se matricula por primeira vez na universidade dende os estudos de ensino secundario, que conseguira clasificarse nun posto relevante nas Olimpíadas Científicas nunha das súas fases: nacional, autonómica ou local.

As persoas beneficiarias deberán destinar o importe da axuda á compra de material bibliográfico ou de material e equipamento informático, para contribuír a un mellor aproveitamento académico da titulación na que estea matriculado. A USC poderá solicitar das persoas beneficiarias a comprobación da execución da axuda recibida, para o que deberá gardar os xustificantes dos gastos efectuados.

SEGUNDA. DESTINATARIOS

Poderá solicitar estas axudas da USC, todo o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Realizar a matrícula por primeira vez no curso académico 2026-2027 en calquera das titulacións oficiais impartidas nos centros da Universidade de Santiago de Compostela.
- Ter rematado os estudos de bacharelato no curso 2025-2026.
- Terse clasificado nun 1º, 2º ou 3º posto en calquera das fases locais ou autonómicas ou, nun 1º a 10º posto na fase nacional, nalguna das Olimpíadas de Matemáticas, Física, Química, Bioloxía, Xeoloxía, Economía, Informática, Xeografía, Estatística e Filosofía celebradas ao longo do curso 2025-2026.

TERCEIRA. CONTÍA.

A contía global dos recursos asignados a esta acción será o crédito consignado na aplicación orzamentaria 8043 4206 48000 do orzamento de gastos da USC para o ano 2026.

As contías das axudas repartiranse do seguinte xeito:

Fase nacional das Olimpíadas de Matemáticas, Física, Química, Bioloxía, Xeoloxía, Economía, Informática, Xeografía, Estatística e Filosofía - Curso 2026-2027		
POSTO	PUNTUACIÓN	Contía axuda USC
1	4,0	600€
2	3,8	
3	3,6	
4	3,2	400€
5	2,8	
6	2,4	
7	2,0	300€
8	1,5	
9	1,0	
10	0,5	

Fase local ou autonómica das Olimpíadas de Matemáticas, Física, Química, Bioloxía, Xeoloxía, Economía, Informática, Xeografía, Estatística e Filosofía - Curso 2026-2027		
POSTO	PUNTUACIÓN	Contía axuda USC
1	0,4	300€
2	0,3	
3	0,2	

Os méritos non serán acumulables entre si:

- No caso de valorarse a fase nacional dunha persoa solicitante non se lle valorará a fase local ou autonómica.
- No caso de que unha persoa solicitante quede clasificada en máis dunha Olimpíada só se lle valorará na que obtivera unha maior puntuación.

CUARTA. SOLICITUDES, LUGAR DE PRESENTACIÓN, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude a través do Rexistro electrónico da USC, na Sede electrónica, dirixida ao Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado segundo o modelo que figura no Anexo I da convocatoria. A solicitude deberá ir acompañada do certificado acreditativo da súa clasificación nunha das fases das olimpíadas obxecto de axuda e dun certificado de conta bancaria.

O impreso de solicitude estará dispoñible xunto coa convocatoria publicada no Taboleiro de anuncios oficial da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm> e na páxina do Servizo de Axudas e Servizos a Alumnado: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/bolsas-axudas/bolsas-axudas/bolsas-axudas-usc-estudo>

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto **ata o 13 de outubro de 2026**.

QUINTA. SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS

A selección de persoas candidatas efectuarase pola Vicerreitoría de Estudantado, Igualdade, Diversidade e Benestar a través da Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, atendendo aos requisitos establecidos nesta convocatoria.

O importe das axudas concedidas non poderá ser superior ao dos recursos asignados a estas axudas. As solicitudes ordenaranse atendendo ao posto obtido na clasificación de cada unha das áreas, e as axudas outorgaranse ata o esgotamento do crédito dispoñible.

No caso de empate entre dúas ou máis persoas solicitantes, serán dirimentes os seguintes criterios:

- Terán preferencia, en primeiro lugar, aquelas áreas cun número menor de axudas concedidas.
- En segundo lugar, a persoa que obtivera maior nota media no acceso á Universidade.

SEXTA. LISTA PROVISIONAL E LISTA DEFINITIVA

Rematado o prazo de presentación e revisadas as solicitudes das persoas interesadas, publicarase o **19 de outubro** a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no Taboleiro de anuncios electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) e na páxina do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/bolsas-axudas/bolsas-axudas/bolsas-axudas-usc-estudo>) coa puntuación obtida ou coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas no procedemento disporán de dez días hábiles a partir do seguinte ao da publicación para emendar erros na súa solicitude.

Revisadas as alegacións, o **5 de novembro** publicarase a listaxe definitiva coas persoas beneficiarias ás que se lles concede a axuda, a listaxe de agarda para o caso de renuncias e reintegros, e a listaxe de persoas excluídas.

SÉTIMA. PAGAMENTO DAS AXUDAS

As persoas beneficiarias, que ata o día 12 de novembro de 2026 non renuncien expresamente á bolsa, aboaráselle o importe que lle corresponda no número de conta bancaria que fixo constar na solicitude. No caso de presentación de renuncia, procederase a adxudicar a bolsa a primeira persoa da listaxe de agarda.

OITAVA. OBRIGA DAS PERSOAS BOLSEIRAS E COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

O feito de ser persoa beneficiaria destas axudas obriga a permanecer matriculada no primeiro curso académico 2026-2027 na titulación oficial impartida na Universidade de Santiago de Compostela.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra que as persoas beneficiarias poidan recibir, sempre e cando ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, non supere o custo da actividade subvencionada.

NOVENA. MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión desta axuda poderá ser revogada no caso de ser concedida a estudantado que:

- a) non reúna algún ou algúns dos requisitos establecidos ou incorra en ocultación ou falseamento de datos.
- b) non destine a axuda ao establecido no punto primeiro desta convocatoria.

Nestes casos, o estudantado deberá reintegrar o importe da axuda e procederase a adxudicar a axuda á primeira persoa da listaxe de agarda, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria ou doutra orde en que poida incurrir por falseamento de datos.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo perante o xulgado do contencioso - administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Estudantado, Igualdade, Diversidade e Benestar
(P.D., R.R. do 8 de maio de 2026, DOG do 20 de maio)

Lorena Añón Loureiro

TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO DA USC

CURSO ACADÉMICO 2026-2027

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA ESTUDANTADO GAÑADOR DAS OLIMPIADAS CIENTÍFICAS

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO			
NOME		NIF / NIE		TELÉFONO FIXO	
DATA DE NACEMENTO:					
TELÉFONO MÓBIL		E-MAIL			
DOMICILIO					
TIPO DE VÍA (RÚA, AVENIDA, RONDA, PRAZA, ETC.)		E NOME		NÚMERO	ESCALEIRA
				PISO	LETRA
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE		PROVINCIA		
CENTRO ONDE CURSARÁ ESTUDOS NA USC:					
TITULACIÓN:					

OLIMPIADA CIENTÍFICA Á QUE CONCORREU: _____

FASE Á QUE CONCORREU: _____

CLASIFICACIÓN OU POSTO ACADADO NA OLIMPIADA: _____

ENTIDADE E CONTA ONDE DESEXA PERCIBIR A AXUDA

A persoa solicitante deberá ser titular ou cotitular da conta bancaria. Non esqueza achegar unha fotocopia do código IBAN que lle facilitará a súa entidade bancaria. Lembre non cancelar a conta ata ter recibido a transferencia bancaria do importe da axuda.

Código IBAN da conta bancaria do solicitante																										

SANTIAGO DE COMPOSTELA/LUGO, _____ de _____ de 2026

Asdo: _____

Solicitud AXUDA GANADORES/AS OLIMPIADAS CIENTÍFICAS CURSO 2026-2027
Universidade de Santiago de Compostela

Información básica do tratamento de datos

De conformidade co Regulamento UE 2016/679 e coa Lei orgánica 3/2018 de protección de datos e garantía de dereitos dixitais, os datos recadados serán tratados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento “Bolsas, axudas e subvencións”, e coa finalidade de: “Xestión de bolsas, axudas e subvencións do Ministerio con competencias en bolsas, da Universidade e bolsas do servizo universitario de residencias”.

O responsable do tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son: Reitoría da USC, Praza do Obradoiro s/n, 15782- Santiago de Compostela, protecciondatos@usc.gal

Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas.

Salvo previsión legal os datos non serán transferidos nin cedidos.

As persoas interesadas poden exercer perante a persoa responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Os datos serán conservados durante o período en que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web

<https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Autorizacións: Se non facilita o consentimento, os datos persoais non serán tratados e non se poderá tramitar a súa solicitude nin prestar o servizo solicitado.

Apelidos e nome:

Documento de identidade:

☐ Dou o meu consentimento para o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente para poder resolver a miña solicitude e xestionar a prestación do servizo, o que implica, por esixencia do principio de transparencia a publicación destes nas resolucións.

Asdo: _____

En _____ . a _____ de _____ de 202__

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: LORENA AÑON LOUREIRO,
VICERREITORA DE ESTUDANTADO IGUALDADE DIVERSIDADE E BENESTAR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA, 22/06/2026 11:31:28.

CSV: D439-8A0A-4087-9834